



<b>CURSO 2023-2024</b>	<b>DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia</b>
<b>MATERIA:</b>	
<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>	

<b>1ºESO</b>
<p><b>MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA</b></p> <p>A cualificación final do alumnado en cada avaliación obterase a partir da suma da cualificación das probas formais (ata 7 puntos) e da cualificación das actividades diarias recollidas no caderno, en documentos separados e en intervencións orais (ata 3 puntos). Por tanto a avaliación sumativa final en cada avaliación consistirá nun 70% en probas formais e nun 30% en traballo diario, sendo a nota da avaliación ordinaria a media das tres avaliacións. As probas poderán aprazarse só si o profesor/a en base a consideracións pedagóxicas o considera necesario( por exemplo si o/a alumno/a xa ten ese día dous exames), sendo o docente o que establezca a data máis adecuada.</p>

<b>2ºESO</b>
<p><b>MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA</b></p> <p>A cualificación final do alumnado en cada avaliación obterase a partir da suma da cualificación das probas formais (ata 7 puntos) e da cualificación das actividades diarias recollidas no caderno, en documentos separados e en intervencións orais (ata 3 puntos). Por tanto a avaliación sumativa final consistirá nun 70% en probas formais e nun 30% en traballo diario, sendo a nota da avaliación ordinaria a media das tres avaliacións.</p>

<b>3ºESO</b>
<p><b>MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA</b></p> <p>A cualificación do alumnado en cada avaliación obterase a partir da suma da cualificación das probas formais (ata 7 puntos) e da cualificación das actividades diarias recollidas no caderno, en documentos separados e en intervencións orais (ata 3 puntos). Por tanto a avaliación sumativa final consistirá nun 70% en probas formais e nun 30% en traballo diario, sendo a nota da avaliación ordinaria a media das tres avaliacións, agás no alumnado con trimestres suspensos que non poderá facer media e deberá facer un exame de recuperación.</p>

<b>4ºESO</b>
<p><b>MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA</b></p> <p>A cualificación trimestral do alumnado en cada avaliación obterase a partir da ponderación entre os resultados de exames (80%) e os resultados doutras probas ou actividades recollidas no caderno, en documentos separados e en intervencións orais (20%). Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de: <math>Nota\ final = [(Nota\ 1^{a}\ aval. \times 25) + (Nota\ 2^{a}\ aval. \times 40) + (Nota\ 3^{a}\ aval. \times 35)] / 100</math>.</p>



## 1º BACHARELATO

### MATERIA: HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

A cualificación final do alumnado en cada avaliación obterase a partir da suma da cualificación das probas escritas sobre os contidos de cada unha delas (ata 6 puntos) e da cualificación de composicións de textos históricos (ata 1 punto), observación do traballo individual na aula (ata 1 punto), traballo individual/ en grupo (ata 2 puntos), tales como: realización de infografías, liñas do tempo, presentacións comentadas, podcasts, elaboración dun caderno dixital co vocabulario específico de cada tema, creación e análise de fontes diversas (gráficos, mapas) ou produción de vídeos. Por tanto a avaliación sumativa final consistirá nun 60% en probas formais e nun 40% en traballo diario, sendo a nota da avaliación ordinaria a media das tres avaliacións.

## 2º BACHARELATO

### MATERIA: HISTORIA DE ESPAÑA

A avaliación do alumnado en cada trimestre realizarase mediante exames (80% da nota de avaliación ) e actividades prácticas (20% da nota de avaliación). O alumnado que supere todos os trimestres poderá determinar a nota de cualificación final de curso mediante o cálculo da media aritmética entre as puntuacións obtidas nas tres avaliacións. O alumnado con trimestres suspensos non poderá facer media e deberá realizar unha proba de recuperación.

### MATERIA: XEOGRAFÍA

A avaliación do alumnado en cada trimestre realizarase mediante exames (80% da nota de avaliación ) e actividades prácticas (20% da nota de avaliación). O alumnado que supere todos os trimestres poderá determinar a nota de cualificación final de curso mediante o cálculo da media aritmética entre as puntuacións obtidas nas tres avaliacións. O alumnado con trimestres suspensos non poderá facer media e deberá realizar unha proba de recuperación.

### MATERIA: HISTORIA DA ARTE

A avaliación do alumnado en cada trimestre realizarase mediante exames (80% da nota de avaliación ) e actividades prácticas (20% da nota de avaliación). O alumnado que supere todos os trimestres poderá determinar a nota de cualificación final de curso mediante o cálculo da media aritmética entre as puntuacións obtidas nas tres avaliacións. O alumnado con trimestres suspensos non poderá facer media e deberá realizar unha proba de recuperación.



### Consideracións xerais para todo o alumnado:

- a) O alumnado ten a obriga e a responsabilidade de presentarse ás probas de avaliación nas datas concretas que sexan establecidas; as alumnas e os alumnos que non asistan ás probas de avaliación serán apercibidos da obriga de realizar a proba (que poderá ser oral) na seguinte sesión de clase á que asistan.
- b) O alumnado que actúe de maneira fraudulenta e irresponsable durante a realización de probas de avaliación será apercibido da conseqüente invalidación dos exercicios afectados sen menoscabo de que alumno poida continuar a proba ou da retirada total da proba: 1) Se durante a realización dunha proba de avaliación o alumnado copia para un determinado exercicio dalgún tipo de papel ou folia, a resposta da pregunta será anulada e a/o docente quedará co papel ou folia co que a alumna ou alumno estaba a copiar. 2) En caso de que a alumna ou o alumno se negue a presentar o papel onde ten feitas as anotacións polas que estaba a copiar, retiraráselle o exame e o profesorado decidirá o momento e o formato de repetirlo. 3) Se durante a realización dunha proba de avaliación a alumna ou o alumno que é advertida/o de copiar cun dispositivo electrónico, móbil, smartwatch mostra o dispositivo e pode garantir o exercicio que estaba a copiar, a pregunta concreta sería anulada. 4) Nos casos en que o alumnado rexeite mostrar o dispositivo electrónico co que estaba a copiar retiraráselle o exame e o profesorado decidirá o momento e o formato de llo repetir.
- c) O factor de arredondamento aplicarase nos casos oportunos en ESO: a) cando a parte decimal da nota que establece a cualificación trimestral acada ou supera as 75 centésimas unha alumna ou un alumno ten unha progresión positiva; b) cando a parte decimal da nota que establece a cualificación final /ordinaria acada ou supera as 50 centésimas.
- d) O factor de arredondamento aplicarase nos casos oportunos en BAC cando a parte decimal da nota que establece a cualificación trimestral ou a cualificación ordinaria acada ou supera as 50 centésimas.
- e) O alumnado con algunha avaliación suspensa ou todas debe realizar as correspondentes probas para recuperar os trimestres non superados e só así poder facer o cálculo da nota media final do curso.



CURSO: 2023-24	DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
MATERIA: Ámbito Socio Lingüístico	
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	

### 3ºESO PDC

A avaliación do Ámbito Lingüístico e Social será o resultado da suma das catro porcentaxes de nota en cada avaliación; correspondendo o 75% ás materias de Lingua e Literatura Galega, Lingua e Literatura Castelá e Xeografía e Historia (un 25% cada unha) e un 25% á materia de Lingua Estranxeira.

As datas das avaliacións serán como segue:

- 1ª avaliación: 18, 19 e 20 de decembro. Entrega de notas 21 de decembro.
- 2ª avaliación: 19, 20 e 21 de marzo. Entrega de notas 22 de marzo.
- 3ª avaliación e avaliación final: a partir do 21 de xuño.

- A parte correspondente ás dúas linguas autonómicas e á Xeografía e Historia, serán avaliadas nas tres avaliacións e na ordinaria tendo en conta o nivel competencial do alumnado a través:

- da cualificación obtida nas probas escritas, que terán un peso do 50% do total da nota.
- da cualificación obtida pola produción de textos escritos (táboa de indicadores), cun peso do 20% do total.
- da cualificación obtida pola produción de textos orais (táboa de indicadores) e o traballo de aula, cun peso do 20% do total.
- da cualificación obtida pola lectura comprensiva de obras literarias en galego e castelán ou da literatura universal traducidas a unha destas linguas, cun peso dun 10% da nota total. O alumnado deberá demostrar a lectura comprensiva de maneira clara e sen deixar lugar á dúbida para obter esta porcentaxe de nota.

En todas as producións orais e escritas teranse en conta as propiedades textuais e a autocorrección léxica e gramatical, correspondendo á corrección lingüística e textual até un 20% do total da nota de calquera exercicio escrito.

O alumnado que chegue ao aprobado na materia poderá aínda sumar até un punto por lecturas voluntarias (0'50) ou pola participación nalgún club de lectura do centro (0'50)

Para a cualificación ordinaria farase a media aritmética das notas dos tres trimestres, acadando o enteiro superior ou inferior por redondeo en función de que sexan alcanzadas ou non as cinco décimas.

A avaliación da Lingua Estranxeira será continuada e progresiva, polo que nas tres avaliacións e na ordinaria teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.
- O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
- O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): [READING + LISTENING]: 20%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.



2. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.3+CA1.6): [SPEAKING]: 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): [GRAMMAR & VOCABULARY + WRITING]: 60%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8); 5. MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10); 6. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3); 7 INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): [CLASSWORK]: 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

En cada avaliación, a nota a considerar é a suma das porcentaxes establecidas para cada unha das destrezas.

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, un resultado inicial negativo é recuperable sen necesidade de repetir as probas. Deste xeito, a cualificación final obtense calculando a media ponderada dos tres trimestres (segundo as porcentaxes arriba indicadas). A avaliación final será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5 unha vez aplicada esta ponderada.

Todas as cualificacións redondearase a partires de 0,85 no boletín nos tres trimestres. Na cualificación de finais de curso, porén, redondearase as cualificacións a partir de 0,5. A media ponderada dos tres trimestres obtense coa nota cos decimais e non coa nota redondeada que se ve reflexada no boletín.

Se durante a realización dunha proba de avaliación a un/unha estudante copia unha determinada pregunta, anularase dita pregunta no exame e o/a docente quedarase co papel ou folla pola que estaba a copiar. En caso de que o/a estudante se negue a ensinar o papel onde ten feitas as anotacións polas que estaba a copiar, retiraráselle o exame e o profesorado decidirá o momento en a forma de repetirlo . Se durante a realización dunha proba de avaliación a un/unha estudante copia cun dispositivo móbil, smartwatch ou similares o procedemento é similar ao anterior, Se ensina o dispositivo e se pode garantir que pregunta estaba copiando, anularáselle a pregunta no exame. En caso de que se negue a ensinar o seu dispositivo electrónico co que estaba a copiar, retiraráselle o exame. O profesorado decidirá en que momento e forma llo repetirá.

### **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN**

Nas materias de Xª e Hª, LGeL e LCyL, o alumnado que non supere algunha avaliación poderá repetir ao longo do curso as probas, traballos (orais e escritos) e lecturas para alcanzar o aprobado nas diferentes competencias, para cuxo fin porase a disposición do alumnado exercicios e tarefas de revisión. O alumnado que aínda así non alcance o aprobado, realizará o exame final que terá lugar na semana do 12 ao 16 de xuño e será informado da cualificación da 3ª avaliación con tempo suficiente para preparar a proba. Na materia de Lingua Estranxeira, dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota superior nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas. O alumnado que non supere a materia, terá a oportunidade de recuperala realizando un exame final que terá lugar na semana do 12 ao 16 de xuño e será informado da cualificación da 3ª avaliación con tempo suficiente para preparar a proba. A mesma englobará todo o visto na materia ao longo do ano